

Proxecto EPÍSTOLA



Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Xohán Ledo, a Luís Seoane do 00/04/1978

Colección:

Data: 00/04/1978

De:

Xohán Ledo;

Para:

Luís Seoane;

Orixe:

Vigo (municipal), Vigo (comarcal), Pontevedra (provincial)

Destino:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada con firmas autógrafas]

Localización física:Fundación Luis Seoane

Mencionados:

Mimi Alonso da Cuña; Marino Dónega; Domingo García-Sabell; Valentín Paz-Andrade; Maruxa Seoane;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Xohán Ledo, a Luís Seoane do 00/04/1978

Abril, 1978

Querido Luis:

Coido que xa terás novas da marcha das cosas na Terra. Saberás do nombramento de Marino Dónega. Non sei como chegou a cousa, maxino que con gran intervención de Domingo e, si non entendin mal, interpretei o que din os periodicos ca abstencion, cando menos, de Paz Andrade. Pra min dentro de tantas notas negativas supon unha raiola de claridade, maxino que, cando pouco, a súa presenza servirá pra que ises outros xunteiros que gostan falar da súa galegitude, poida tomarselles a palabra e conseguir que o amosen nalguns feitos. Poida que logo, mais adiante, chegue a ter consecuencias politicas ainda meirandes, maxino que obrando como catalizador, ou como conciencia vixiante, pra que as frustraciós previstas, as por vir, callen nunha posicion mais nidiamente galega dos dirixentes politicos que arrodean a Xunta. Fio en que a súa actitude e mais o seu obrar será un exemplo e un guieiro, e abrirá un camiño. Penso maormente en que os seus compañeiros de Xunta son parlamentarios e, pra remate a custion resolverase nas Cortes, e logo de discutir as autonomias de Cataluña e Euskadi. No meu entender, istas discusiós, chegada a hora, van estar tinxidas pola cooracion politica daquel xusto intre –economia, orde pubrico, paro, forza sindical, etc., mais a repercusion directa no goberno da situación– enton poida que a situación galega correspondente leve aos deputados –pesia as posiciós que está procurandose o goberno, e mais ainda a dereita, pra discutir dende elas as autonomias–: primeiro, non permitir que Galicia sea afastada ou alonxada de leis favorecedoras doutras terras, logo que, non sometendose manseliñamente aos dictados centrás dos partidos, poidan chegar a ser causa ou favorecedores dun ampro movemento galego.

Non teño falado con Dónega, e do seu nombramento non sei mais que o que escrito na prensa, emporiso toma conta de todo isto como lucubración miñas baseadas no home.

O tempo en Galicia sigue sendo de inverniá os mais dos dias. Chuvia e frio, pouco é o que pode aproveitarse do sol e a calor. Pesia todo, imos os sabados e domingos á nosa casiña. Sen que a meteoroloxía nos impida o goce da animada visión do mar, coores, lus, forza, acougo, as impresiós mudanse dun dia pra outro, dunha a outra hora. Coido que pra tí, como o é pra min, iste tempo negado ao forte sol, pola riqueza dos grises, ou a densidade dos verdes e azues mariños, xunto da manifestacion do poder das ondas é o millor espectáculo natural. Confio e espero os dias en que poidamos gozalo xuntos.

De todos nos e pra Maruxa e pra tí, unha forte aperta e todo o noso afecto.

Ricardo

Mimi

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.